

BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME II / NÚM. 30
SEMANAS 41-42-43/1987
(11 ó 31 de Outubro)



27 DE NOVIEMBRE DE 1987

ESTUDIO DE INICIOS DE TRATAMIENTO POR CONSUMO DE DROGAS EN GALICIA (1986)

Introducción

Debido á grave problemática que, en distintos eidos (sanitario, social, etc.) supón o consumo de drogas para os poderes públicos, surxiu, no ano 1986, a necesidade de cuantificar dalgún xeito este problema. Para iso, o Goberno Central a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas do Ministerio de Sanidad y Consumo, en coordinación coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e as outras Autonomías, elaborou un proxecto de sistema de información, que unha vez discutido e madurado deu lugar ó que se coñece como Sistema Estatal de Información sobre Toxicomanías (SEIT), e que cada Autonomía adaptou ás súas necesidades seguindo un protocolo de mínimos. Así, por exemplo, en Galicia recóllense datos sobre alcoholismo que non se contemplan noutros territorios do Estado.

O devandito sistema proporciona información sobre tres aspectos da problemática das toxicomanías:

- Inicios de tratamento por consumo de drogas.
- Urxencias relacionadas co consumo de drogas.
- Mortes relacionadas co consumo de drogas.

En base ás súas competencias a Consellería de Sanidade, dentro do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, implanta o SEIT na Comunidade Autónoma Galega ó longo do ano 1986, especialmente no que se refire ó indicador de inicios de tratamento por consumo de drogas, levándose a cabo diferentes xestións para a posta en marcha dos outros dous indicadores.

A Dirección Xeral de Saúde Pública establece contacto coas Unidades Asistenciais de Drogodependencias, que configuran o Programa Asistencial do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, para que mediante unha folla de notificación de inicios de tratamento envíen información á Consellería, concretamente á Sección de Drogodependencias, onde se levará a cabo o seu procesamento.

Na folla de notificación fánse consta-los seguintes datos:

- Número de rexistro.
- Data de inicio do tratamento no centro.
- Número de identificación do centro.
- Código de identificación confidencial:
 - Dúas primeiras letras dos dous apelidos.
 - Data de nacemento.
 - Provincia de nacemento (con un código especial no reverso da folla de notificación).
- Sexo.
- Provincia e Concello de residencia.
- Droga pola que inicia o tratamento.

—Outras drogas consumidas ó longo dos 30 días anteriores á data de inicio de tratamento no centro (para estas dúas últimas variables establécese o seguinte código:

- . 01 = Heroína
 - . 02 = Metadona
 - . 03 = Outros opiáceos
 - . 04 = Cocaína
 - . 05 = Cannabis
 - . 06 = Alucinógenos
 - . 07 = Sustancias volátiles
 - . 08 = Psicofármacos
 - . 09 = Alcohol
 - . 98 = Outras. (Cando se coñece a droga consumida pero non pode incluírse en ningún apartado anterior).
 - . 99 = Non corresponde. (Cando non hai constancia de consumo de droga).
 - . 00 = Descoñecida. (Cando hai constancia de consumo de droga pero descoñécese a droga).
- Ano en que iniciou o consumo de droga que motiva o tratamento.

Resultados

Unha vez recibida toda a información, e tras realizarse o estudio da fiabilidade da mesma, obtívose que no ano 1986 iniciaron tratamento por consumo de drogas en Galicia 846 persoas, das que 186 fixérono por consumo de alcohol, esta cifra non reflicta a problemática do alcoholismo en Galicia xa que só se trata dos alcohólicos que iniciaron tratamento, e 660 por consumo doutras drogas.

Os resultados deste estudio expóñense resumidamente de seguido:

A.—*Distribución dos inicios de tratamento por provincias e por drogas que os motivan.*

Dos 846 pacientes que iniciaron tratamento ó longo de 1986, a maior porcentaxe, por provincias, correspondeu a Pontevedra co 49,2%, seguida da Coruña con 27,9% mentres que do exterior só iniciaron tratamento en Galicia un 2,6%.

En relación ás drogas que motivaron os inicios de tratamento, en 574 casos (67,9%) debéronse a heroína, seguindo a maior distancia, o alcohol con 186 casos (22%), o cannabis con 45 casos (5,3%) e os psicofármacos con 29 casos (3,4%).

GRÁFICO 1





GRÁFICO 2




Exterior: pacientes que residen habitualmente fóra de Galicia

B.—*Estudio comparativo da relación homes-mulleres.*

Tanto no estudio global (845 casos, xa que nun caso non foi notificado o sexo), como nos estudos de inicios de tratamento por consumo de alcohol (186 casos), e dos inicios de tratamento por consumo doutras drogas (659 casos, posto que nun caso non se coñece o sexo), gráfico 3, obsérvase un claro predominio dos homes, que no estudio global mantén unha relación con respecto ás mulleres arredor de 3:1, mentres que estudiando por separado, no caso do alcohol esta relación é de aproximadamente 2:1, e no caso doutras drogas de preto de 4:1.

GRÁFICO 3



DIT = Alcohol, a droga que motiva o inicio de tratamento é o alcohol.

DIT = Outras drogas, a droga que motiva o inicio de tratamento é: heroína, outros opiáceos, cocaína, cannabis, alucinógenos, sustancias volátiles ou psicofármacos.

C.—Estudio da idade.

No estudio global obsérvase que o maior número de inicios de tratamento dáse entre os 16 e 30 anos, que en conxunto supoñen o 77,4%. Se comparamo-la idade á que iniciaron o tratamento os alcohólicos e os consumidores doutras drogas, vemos que nestes últimos a maior porcentaxe está igualmente entre os 16 e os 30 anos mentres que naqueles hai dous picos en 26-30 anos e en 36-40, pero cunha porcentaxe bastante semellante entre os 26 e os 55 anos; en xeral os alcohólicos comencan a tratarse en idades máis avanzadas.

GRÁFICO 4




GRÁFICO 5



En 9 casos non foi notificada a data de nacemento.

O último intervalo (66,71) é maior porque temos un caso de 71 anos de idade e queremos que apareza reflexado no estudio.

DIT = AI, a droga que motiva o inicio de tratamento é o alcohol.

DIT = OD, a droga que motiva o inicio de tratamento é: heroína, outros opiáceos, cocaína, cannabis, alucinógenos, sustancias volátiles ou psicofármacos.

ENFERMIDADES DE DEC

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANAS 41-42-43/1987 D

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
1 CEDEIRA						3			2	17	23	174		6			1	24
2 ORTIGUEIRA		1				1		1	3	13	71	995	7	46		2	3	43
3 NARÓN						5				8	44	1.372		15		1		24
4 AS PONTES						1			3	27	255	2.444	2	26		1		12
5 FERROL						14				32	103	5.561	2	120		2		6
6 FENE										7	47	1.471		4		5	1	15
7 PONTEDEUME					1	1			2	35	163	3.001	5	16			2	45
8 CEE						3		1	3	10	100	2.990	1	6		2	5	140
9 VIMIANZO										2		223		23				2
10 PONTECESO						3		1		15	74	2.380		14		1	3	57
11 CARBALLO			2							56	91	1.372		11		5	4	45
12 ARTEIXO								6		2				1				2
13 A CORUÑA			3			8		9		63		12.469		86		9		90
14 CULLEREDO-O BURGO						1		6	4	34	29	1.145		7			5	106
15 OLEIROS						5	2	4	1	12	85	498		1		2		20
16 BETANZOS						17			3	74	99	1.626		7		1	4	79
17 SANTA COMBA										28	51	734		2			2	41
18 NEGREIRA						2				48	4	400		6				89
19 ORDES								5	8	182	221	3.195		1			11	175
20 CURTIS-TEIXEIRO					1	5				7	24	722		2			1	47
21 SANTIAGO						4		6	4	51	217	3.162	4	24		4	11	240
22 MELIDE										16	3	422		1				14
23 MUROS										4		145		5				18
24 NOIA					3	20			1	16	90	1.042		12			3	67
25 PADRON						1			9	73	99	1.204	2	8		1	8	145
26 BOIRO										75	850			2			2	74
27 RIBEIRA								2		6	114	1.785	1	7				36
28 A ESTRADA								2	1	17	129	1.988		13		1	2	21
29 LALIN		1				8		5	3	53	209	2.739		3		1		67
30 VILAGARCIA DE AROUSA			1	63			1	19	1	32	295	5.299	1	41		8		8
31 CALDAS DE REIS						1		1		2	44	454				3		20
32 VILANOVA DE AROUSA								5		1	70	557				3		10
33 CAMBADOS									3	15	16	1.062		5		4	1	37
34 O GROVE								2				288		1				12
35 SANXENXO				1		1		4		21	17	530		11		1		18
36 PONTEVEDRA			2	7		29	1	15	2	29	686	8.140		52		7	9	120
37 FORCAREI							1	1		6	91	356		4		2	6	40
38 MARIN						1		1		293	4.033	1	19		2	7		94
39 CANGAS							2	9		7	162	1.376		4			3	52
40 REDONDELA						6	2	13		4	80	1.073	1	56		1		19
41 VIGO		1		24		13	2	13		49	201	5.120	2	37		19	7	26
42 VAL MIÑOR-PANXON						8				17	74	716	3	13		3	2	31
43 PORRIÑO		1						11	2	18	65	1.009		3		4		64
44 PONTEAREAS								19	1	20	91	764		11		1		15
45 A CAÑIZA								4		9	130	1.278		5		2	4	51
46 A GARDA								7	1	25	17	677	3	22		2	1	27
47 TUI								5	2	15	49	1.453		3		2	1	23
48 SALVATERRA DE MIÑO										3	44	718				1	1	12
49 VIVEIRO						2		1	4	32	41	521	1	14		1		30
50 CERVO-BURELA		1	2			1		3	1	8	39	511		11			2	59
51 MONDOÑEDO			1									30		1				
52 RIBADEO						2				15	87	1.031		3			2	49
53 VILALBA			1						1	25	2	147		2		7	1	18
54 MEIRA								1	1	29	54	1.378		2			6	78
55 FONSGRADA								1	5	28	17	414		4				40
56 GUITIRIZ								1	1	11	5	79		2				3
57 RABADE		3							2	18	33	770		6			2	32
58 LUGO		8		15		5	1	4	2	20	26	1.794	39	1	13	1		12
59 CASTROVERDE									2	3	23	194	1	3				8
60 PALAS DE REI																		
61 MONTERROSO									1	9	72	899					9	157
62 SARRIA		1		1				1	3	39	52	1.719	1	14		1	8	130
63 BECERREÁ		2							1	37	161	2.776		6				63
64 CHANTADA										36	110	1.994	1	37			8	151
65 MONFORTE DE LEMOS		3				1				8	22	394		2			4	19
66 QUIROGA										5		153		3				9
67 O BARCO		4				1		5	1	40	335	4.836		241		3		28
68 O CARBALLIÑO								14	1	24	256	3.843	1	59	1	8		43
69 RIBADAVIA						4		19	2	41	299	2.291		59		10	3	72
70 OURENSE		5				11	1	16	2	46	158	3.289	2	100		50	15	208
71 MACEDA								1		18	96	1.065		1			3	50
72 CASTRO-CALDELAS									1	18	90	679				1		29
73 A POBRA DE TRIVES		1	23					1	1	30	54	1.395		36		14	6	58
74 VIANA DO BOLO			2					1		11	36	694		12			4	38
75 CELANOVA			4					6	4	54	93	2.343		14		1	4	49
76 ALLARIZ								3	2	115	57	775					1	36
77 BANDE								3	4	37	28	682				1	1	7
78 XINZO DE LIMIA			2			1		9	5	104	108	1.613		3		1	3	39
79 VERÍN		2	26			1		10	3	41	156	2.199	1	82		3	6	117
80 A GUDIÑA			8					8	1	25	16	399				3	1	21

LARACIÓN OBRIGATORIA

CIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

DO 11 Ó 31 DE OUTUBRO

PAROTIDITE (072)	PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMPELO (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987	1987		
	20	10 244		4				2				2				19	42	759			1	
	4	59 485		7				22					4		1	48	221	2.058			2	
	37	7 254		11				108		1				1	83	40	975			3		
	46	97 1.159		7				2		3					50	399	6.721			4		
2	30	96 2.824	1	26				131	1	7		43	11	1	968	186	13.344		1	5		
	45	19 343						22		1		17	1	2	111	65	1.751			6		
1	20	16 605		4				143				3	4		202	171	3.430			7		
	7	80 1.275		3						2			13		128	221	2.934			8		
	2	12 109							1	1			1	5	4	3	13		34	9		
	14	23 757		8								10	4		94	378	5.876		1	10		
	9	18 702		71						2		5	24	34	190	233	5.388		20	11		
		8 862								2			1	1	26	37	1.651			12		
	64	5 4.601		28				6	3	25		30	7	133	352		21.854		7	13		
	20	19 504		20				81		3		1	1	4	8	425	263	4.273		14		
	8	12 291						7				2	1	3		197	108	1.081		15		
	12	101 1.486	1	27				1	199	2		8	5	8	405	476	5.902		1	16		
	1	55 760		11				1		1					352	127	1.912			17		
	25	2 290		8				4							86	30	373			18		
1	46	20 554	3	155				2	56		1	17	3	50	490	226	3.266			19		
	2	7 151		7				1		2		6	8		34	39	717			20		
3	11	163 1.740		76				46		3		9	6	16	384	997	5.969		3	21		
	3	7 293						2				3	2	1	165	88	1.403			22		
		24 613		8											74	80	1.561			23		
	25	62 946	4	34				1	27			2	7	39	546	184	2.347			24		
8	31	30 651		10				5	78	2		2	2	12	420	86	1.421		4	25		
	1	57 599		8					2				2		165	84	857			26		
	7	6 296		15				1							3	34	4	305			27	
	9	66 1.098		12								1	2	3	270	219	3.071			28		
	7	40 1.276	6	102		4		4		2		2	3	16	276	585	6.998			29		
1	18	189 2.592	1	18	1	13		1		2		5	1	12	16	709	895	15.862		16	30	
	1	5 197		1		7				1			1	5		14	60	662			31	
		81 850											6		259	260	1.674			32		
	7	14 286		5				9		1		2	4	2	376	17	1.430			33		
		30 91										1	1		2		982			34		
	15	1 293		10		4		3				2	6		248	29	418			35		
	33	220 5.791	1	14		1		5		3		32	5	54	33	1.215	1.741	20.756	6	181	36	
	7	12 165				1	1	3					1	7		117	56	440			37	
	10	22 924		1								1	1	21	4	122	490	6.635			38	
	1	62 414		3	1	8		2		1		2	23		515	358	2.699			39		
	8	74 539		91				3				2	5		285	162	1.758			40		
	21	17 1.172		10				6	4	49		10	4	80	707	594	9.374			41		
	7	90 1.467		25		1				2		2			388	173	2.751			42		
8	14	36 658		2		2				8		4	9		270	98	2.505			43		
4	362	118 638		3	4	11				3		3	3	10	313	238	1.754			44		
	3	81 1.221		1				6					3	2	57	134	1.260			45		
2	73	33 683		34				6			3	87			405	126	1.611			46		
	22	31 579		6					2	6		1		11	9	145	277	2.146		109	47	
28	49	34 899		1				30		2		2	1	2	189	127	1.593			48		
	16	40 726		8				22					5		204	169	1.958			49		
	5	44 489				2		2					2		116	276	3.377			50		
		37											3		4	65	579				51	
		30 355		1	1	7		1				1		4	171	181	2.795				52	
	1	5 51								1			2	1	8	16	25	610			53	
	4	31 456		32				58		3			4	4	182	197	3.361			11	54	
1	14	11 433		1				31							43	62	1.397				55	
		2 77											1	4	26	4	50				56	
	1	17 310		1		1		4		1			5		20	139	1.240			10	57	
	3	26 642		16		4		39		5		2	25		60	148	5.238		2	69	58	
	1	6 65						36					4		21	36	621			7	59	
													1									60
	5	36 498		11				1	4				1		59	95	1.148				61	
	4	42 1.035		2				63		1		20	3		163	394	5.999		1	89	62	
1	11	12 655		6				3	100		1		4	1	26	216	3.078			2	63	
	18	41 865		4		11		1	13		1	2			445	202	3.523				64	
		19 338		4								1		5	24	40	1.630			85	65	
										3			1		5		366				66	
	790	27 771		16		1		5		3		4	2	6	208	1.048	13.280		1	1	67	
	10	104 1.623		3				12		1		2	10	13	166	508	7.491			3	68	
3	19	29 902		9		11		21		2		1	2		287	379	4.673			6	69	
1	42	114 2.169		9		1		31		4		2	46	17	722	943	12.199			40	70	
	32	37 687		2	31			28				3	1	3	171	128	2.121			7	71	
	63	24 418		1						1			1	10	23	52	1.547				72	
	99	18 442		16		2		2					3	59	222	2.168					73	
	8	11 227		1						1			1	5	29	105	2.273			3	74	
1	2	41 1.089		3		1		6		1			8	1	351	257	3.866			2	75	
	16	20 351		6		1		11							84	114	907				76	
	1	11 597		7		2		80			1	4	4	5	230	101	1.094			41	77	
	10	28 870		7		2		74		8			3		113	155	1.713			28	78	
	20	32 1.022		17		2		12		2		9	1	15	18	310	264	5.192		19	79	
		54								1			1	2	1	40	92	808			3	80

D.—Estudio dos anos de consumo.

No caso dos consumidores de alcohol obsérvase un máximo entre os 6-10 anos con outro pico entre 16-20 anos; existindo un grupo tamén importante (8,3%) de pacientes que levan consumindo alcohol ó longo dun período de tempo superior ós 30 anos.

Nos consumidores doutras drogas, sen embargo, o máximo encóntrase entre 1, 2 e 3 anos de consumo (42,1%), observándose un pico nos 6 anos de consumo cun 12,5%. Pacientes que levan consumindo outras drogas máis de 10 anos, tan só representan un 4,2%.

GRÁFICO 6





GRÁFICO 7



DIT = Alcohol, a droga que motiva o inicio de tratamento é o alcohol. En 65 consumidores de alcohol descoñécese os anos que levan consumindo alcohol.

DIT = Outras drogas, a droga que motiva o inicio de tratamento é: heroína, outros opiáceos, cocaína, cannabis, alucinóxenos, sustancias volátiles ou psicofármacos. En 70 consumidores doutras drogas descoñécese os anos que levan de consumo.

O = pacientes que levan consumindo a droga menos dun ano.


E.—Estudio da evolución mensual do número de inicios de tratamento.

Obsérvase unha maior porcentaxe de inicios de tratamento no período Setembro-Dicembro, que representa o 44,3% do total de inicios de tratamento no ano 1986.

Cabe sinalar, que este período coincide coa posta en marcha do Plan Autonómico sobre Drogodependencias.

Os meses en que hai un menor número de inicios de tratamento son Abril co 5,7% e Agosto co 5,4%.

GRÁFICO 8




F.—*Estudio da mobilidade dos pacientes.*

Como se observa nas táboas 1, 2 e 3, existe un menor número de inicios de tratamento nos centros das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense que de pacientes que tiñan a súa residencia habitual nestas provincias. Isto débese, a que existe un maior número de pacientes que, residindo nalgunha destas tres provincias, inician tratamento noutra distinta da de residencia, e por contra, hai un menor número de pacientes que inician tratamento nalgunha delas, pero tendo a súa residencia noutra provincia distinta daquela na que iniciaron o tratamento.


Sen embargo, con respecto á provincia de Pontevedra (táboa 4), obsérvase que existe un maior número de inicios de tratamento nos centros desta provincia, que de pacientes residentes nela; isto podería deberse a que na devandita provincia está ubicada unha Comunidade Terapéutica.

Hai que lembrar que a Comunidade Terapéutica Norte, sita na provincia de A Coruña, tivo que cerra-las súas portas por mor da conflictividade social que se opoñía ó mantemento da ubicación prevista.


TÁBOA 1




TÁBOA 2



TÁBOA 3



TÁBOA 4



Conclusións

Antes de expoñe-las conclusións deste estudio, queremos destacar que, refírense exclusivamente ó grupo de consumidores de drogas que acuden ós centros de tratamento e non poden ser xeneralizables á poboación de consumidores de drogas de Galicia.

A comparación dos resultados en anos vindeiros permitiranos obter certos datos sobre a evolución do problema do consumo de drogas.

As principais conclusións son:

—Por provincia de residencia a maior porcentaxe de inicios de tratamento corresponde a Pontevedra (49,2%), seguida de A Coruña (27,9%).

—As drogas que motivaron un maior número de inicios de tratamento foron, a heroína con 574 casos (67,8%) e o alcohol con 186 casos (22%). A relación observada entre os inicios de tratamento por outras drogas fronte ós inicios de tratamento por alcohol foi de 3:1.

—A relación entre sexos a nivel de toda Galicia é de 3 homes por cada muller. Se desglosamos los resultados para inicios de tratamento por alcohol e por outras drogas distintas do alcohol, atopamos que en consumidores de alcohol a relación homes: mulleres é de 2:1, mentres que en consumidores doutras drogas esta relación é de 4:1.

—A idade media con que inician tratamento no ano 1986 os pacientes de toda Galicia é de $27,1 \pm 9,3$ anos, sen embargo no estudio do alcohol esta media ascendeu a $39,1 \pm 11,8$ anos, mentres que a media de idade para consumidores doutras drogas é algo menor á de toda Galicia ($23,7 \pm 4,4$ anos).

—En canto ós anos de consumo, nos casos de inicio de tratamento por consumo de alcohol obsérvanse uns valores extremos de 2 e 42 anos, mentres que no grupo que inicia tratamento por consumo doutras drogas os valores están entre 0 (menos dun ano) e 25 anos.

Námbolos dous os resultados ofrecen unha gran dispersión, polo que as medidas de tendencia central carecen de sentido.

Subscrición e envío gratuito. Solicitudes: Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.